

FASE INTERCOMARCAL DE CAMPO A TRAVÉS OS MENHIRES – 26 de Xaneiro de 2019

ORGANIZAN: Secretaría Xeral para o Deporte, Concello da Coruña e Federación Galega de Atletismo, coa colaboración dos Clubs Riazor Coruña e Marineda Atlético.

PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar os atletas e as entidades clasificadas segundo normativa das fases previas, das comarcas de Coruña-cidade, As Mariñas e Carballo.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2011-2010 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino.

INFANTIL....: nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

Nesta fase, as entidades clasificadas formarán os equipos seleccionando aos seus atletas, cun máximo de 6 participantes por equipo.

LUGAR E DATA

Parque de Os Menhires (A Coruña), sábado 26 de Xaneiro de 2019.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas clasificados para esta Fase Intercomarcal de Campo a Través Escolar, farase **antes das 14.00 horas do luns 21 de xaneiro do 2019**, utilizando a folla que se inclúe nesta normativa, que deberán enviar por correo electrónico a deportes.coruna@xunta.es e competicion@atletismo.gal, ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfea2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club. No caso de non ter dita clave poden solicitala ao Servizo de Deporte ou a Federación Galega de Atletismo. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual: Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos: A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

TROFEOS e MEDALLAS

EQUIPOS.....: Entregaranse trofeos e medallas aos 3 primeiros clasificados en cada unha das categorías

INDIVIDUAIS: Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías

A entrega de trofeos e medallas terá lugar ao final da competición.

FASES PROVINCIAIS DE CAMPO A TRAVÉS

Haberá 2 campionatos provinciais, o **Campionato Provincial clasificatorio para o Campionato Galego** e o **Campionato Provincial de Centros Educativos**.

Para o **Campionato Provincial clasificatorio para o Campionato Galego**, clasificaranse os 2 mellores equipos desta fase intercomarcal e os/as oito primeiros/as atletas de cada categoría, que non estiveran incluídos nos equipos clasificados,

nas fases Intercomarcais, das Zonas de Coruña, Ferrol, Noia e Santiago. En ningún caso se correrá o posto de invitado aos/as atletas que chegaran a partir do 8º clasificado/a.

A maiores haberá un **Campionato Provincial de centros educativos**.

Os centros educativos clasificados para esta fase intercomarcal teñen que especificar, en caso de clasificarse para o Campionato Provincial (sexa a nivel individual ou por equipos), se optan por participar no Campionato Provincial clasificatorio para o Campionato Galego ou no Campionato Provincial de centros educativos. Os centros educativos que clasifiquen para a fase provincial non poden participar nos dous campionatos, teñen que facer a opción por un deles.

No caso de que non fagan a opción expresa a través da folia de inscrición deste Campionato Intercomarcal ou mediante correo electrónico que enviarán a deportes.coruna@xunta.es, antes das 14.00 horas do lúns 21 de xaneiro do 2019, data de peche da inscrición para este Campionato Intercomarcal, entenderase que optan por participar no Campionato Provincial clasificatorio para o Campionato Galego. Non se terá en conta ningunha opción que chegue posteriormente á devandita data.

Para o Campionato Provincial de centros educativos clasificaranse os 2 mellores equipos de cada categoría de cada fase zonal (Intercomarcal), que optaron por participar neste campionato, así coma os 8 primeiros atletas de cada categoría, que non estivesen incluídos nos equipos clasificados.

HORARIO E DISTANCIAS

HORA	DISTANCIA APROX.	VUELTAS	CATEGORIAS
10:30	1000 m.	SAIDA + VOLTA A	Benxamin feminino
10:40	1000 m	SAIDA + VOLTA A	Benxamin masculino
10:50	1326 m.	SAIDA + VOLTA B	Alevín feminino
11:00	1760 m.	SAIDA +VOLTA C	Alevín masculino
11:10	1760 m.	SAIDA +VOLTA C	Infantil feminino
11:25	2500 m.	SAIDA + 2 VOLTAS B	Infantil masculino
11:40	2500 m	SAIDA + 2 VOLTAS B	Cadete feminino
12:00	3420 m.	SAIDA + 2 VOLTAS C	Cadete masculino

SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web www.deporteescolargalego.com. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

TRANSPORTE

As entidades que veñan de fora da cidade da Coruña, no caso de necesitar transporte para participar nesta proba solicitarano, **antes das 14.00 horas do lúns 21 de xaneiro de 2019**, ao Servizo Provincial de Deporte, ao correo especial de transporte: sdbus.co@hotmail.es, empregando para iso o **formulario** que se adxunta a este normativa.

Unha vez recibida a solicitude o Servizo Provincial de Deporte outorgará o transporte, nos casos en que o estime posible dentro das limitacións da contratación, e informará á entidade solicitante.

Non se xestionará ningún transporte se a solicitude é posterior á data arriba indicada.

LUGAR E DATAS PRÓXIMAS XORNADAS

Provincial.....: 2 de febreiro/2019 en Fene

Fase Galega.....: 16 de febreiro/2019 en Monterrei (Ourense)

Provincial centros educativos: 22 de febreiro/2019 en Noia

Campionato España.....: 3 de marzo/2019 en Villamanrique de la Condesa (Sevilla)

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org

CIRCUITO



Os **vestiarios** estarán situados nas instalacións deportivas da Cidade Deportiva da Torre.